



Guía Docente				
Datos Identificativos				2022/23
Asignatura (*)	Análise do ámbito	Código	611507004	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	3
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Economía			
Coordinación	Iglesias Gomez, Guillermo	Correo electrónico	guillermo.iglesias@udc.es	
Profesorado	Iglesias Gomez, Guillermo	Correo electrónico	guillermo.iglesias@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Os contidos desta asignatura céntranse na análise e comprensión da incidencia do ámbito na actividade empresarial. En particular, considerando o marco do desenvolvemento sustentable, amosarase a importancia de comprender o interese da incorporación de valores no ámbito da empresa, entendendo a utilidade dos enfoques teóricos para incluír o compoñente ético no goberno da empresa. Tratarase o impacto ambiental das actividades empresariais e a importancia da súa consideración nas formulacións estratéxicas da organización. Presentaranse e utilizaranse ferramentas que faciliten a toma de decisión en contextos multicriterio, considerando o ámbito presente e futuro no que se desenvolva a empresa. Os apartados prácticos desenvolveranse en gran medida orientados ás empresas caso.			

Competencias do título	
Código	Competencias do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
Identificar as características dos factores do ámbito que mais inflúen na dinámica empresarial	AP1	BP1	CP1
	AP2	BP2	CP2
		BP3	CP3
		BP4	CP4
		BP8	CP5
		BP9	CP6
		BP10	CP7
		BP12	CP8
		BP14	CP9
			CP10
			CP11
Capacidade de elaboración de estratexias axeitadas para considerar os factores sociais e ambientais nos que incide a empresa	AP1	BP1	CP1
	AP2	BP2	CP2
		BP3	CP3
		BP4	CP4
		BP8	CP5
		BP9	CP6
		BP10	CP7
		BP12	CP8
		BP14	CP9
			CP10
			CP11



<p>Coñecemento e capacidade de uso de ferramentas específicas para o estudo do ámbito e a toma de decisións empresariais. Consideración de elementos de incertidume baixo diferentes escenarios.</p>	<p>AP2</p>	<p>BP1 BP2 BP3 BP4 BP8 BP9 BP10 BP12 BP14</p>	<p>CP1 CP2 CP3 CP4 CP5 CP6 CP7 CP8 CP9 CP10 CP11</p>
<p>Participar activamente na discusión dos temas abordados no programa da materia.</p>	<p>AP1</p>	<p>BP1 BP2 BP3 BP4 BP8 BP10 BP12 BP14</p>	<p>CP2 CP4 CP6 CP7 CP8 CP10 CP11</p>
<p>Desenvolvemento de habilidades para resolver tarefas en grupo</p>		<p>BP2 BP3 BP8 BP9 BP12</p>	<p>CP4 CP5 CP6 CP7 CP8 CP10</p>

Contidos	
Temas	Subtemas
<p>1. Factores do ámbito: impacto social e medioambiental da actividade empresarial</p>	<p>1.1. Caracterización do ámbito 1.2. Desenvolvemento sustentable e empresa 1.3. Ética e empresa 1.4. Estratexias medioambientais da empresa. Economía Circular 1.5. Responsabilidade social. Instrumentos de xestión e medida 1.6. Aplicación ás empresas caso</p>
<p>2. A consideración do ámbito na toma de decisións</p>	<p>2.1. A toma de decisións: características xerais 2.2. Análise inicial, alternativas e criterios 2.3. Metodoloxías multicriterio: sumas ponderadas, AHP e Topsis 2.4. Aplicación ás empresas caso</p>

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Estudo de casos	A1 A2 B12 C2 C3 C9	6	12	18
Solución de problemas	A2 B1 B2 B3 B8 B14 C4	3	12	15
Presentación oral	B4 B9 B10 C5 C6 C8 C10	2	4	6
Discusión dirixida	A2 B2 B4 C2 C6 C7 C10 C11	4	12	16



Sesión maxistral	A2 B1 B3 C1 C3	5	5	10
Análise de fontes documentais	B2 B12 C1	1	4	5
Atención personalizada		5	0	5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos	Propoñeranse situacións relativas ós contidos da asignatura para que os alumnos empreguen os coñecementos e habilidades adquiridos para a súa análise, coa intención de ter unha visión práctica da asignatura. Procurárase que o vínculo entre os casos de estudo propostos e as empresas caso sexa o máis estreito posible para contribuír na realización do proxecto común dos diferentes grupos de traballo.
Solución de problemas	Resolución de problemas cuantitativos concretos que esixe a aplicación das ferramentas presentadas na aula
Presentación oral	De xeito tanto individual como en grupo, os estudantes presentarán mediante exposicións orais os avances efectuados nos seus traballos e tarefas. Defenderán a validez das súas decisións e conclusións perante o profesor, e de ser o caso con outros alumnos e grupos.
Discusión dirixida	Participación activa na discusión dos temas propostos polo profesor e relacionados cos contidos do programa da materia. Consiste nun intercambio de ideas e opinións fundamentadas. A discusión pode desenvolverse a nivel de grupo, en particular no relativo ás empresas caso, ou do conxunto de integrantes da aula para cuestións de interese común.
Sesión maxistral	Exposición oral por parte do profesor, complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución dalgunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe
Análise de fontes documentais	O estudante deberá identificar e consultar as fontes documentais necesarias para o problema que pretenda resolver en cada momento. Así mesmo, o profesor deberá ser un colaborador e orientador.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos Discusión dirixida Presentación oral Solución de problemas Análise de fontes documentais	As horas establecidas como atención personalizada correspóndense coas titoras programadas. A través de titorías persoais ou grupais abordaranse temas de especial dificultade para os estudantes, resolución de dúbidas relativas aos contidos explicados na sesión maxistral ou que xorden nos procesos de resolución de casos prácticos e na discusión de casos. Para o alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, acordárase ao inicio do curso un calendario específico de titorías compatible coa súa dedicación

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Estudo de casos	A1 A2 B12 C2 C3 C9	Valorarase a capacidade do alumno para aplicar a metodoloxía do caso empregando os coñecementos específicos desta materia	70
Solución de problemas	A2 B1 B2 B3 B8 B14 C4	Valorarase a capacidade do alumno para aplicar na resolución de problemas os coñecementos e ferramentas específicos desta materia	30

Observacións avaliación



O sistema de avaliación seguirá os mesmos criterios, tanto para a primeira, como para a segunda oportunidade. No caso da segunda oportunidade facilitarase que o alumno poida acadar o 100% da calificación, con adaptacións parciais de tarefas incompletas dun tema, ou no caso xeral, cun novo proxecto a desenvolver, de similares características ao orixinal do grupo que lle correspondía, que terá que ser acordado co profesor.

Nas situacións de matrícula a tempo parcial ou de exención de asistencia, acordárase unha programación e un sistema de entrega co profesor para os estudos de casos e problemas que non se poidan realizar na aula, sempre coas mesmas obrigas que os estudantes presenciais. En todo caso, os estudantes que se atopen nesta situación terán que acudir, nas datas programadas, ás probas avaliáveis presenciais do mesmo xeito que o estudantado a tempo completo.

A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia, solicitarase en formato virtual e/ou soporte informático.

Cualificación de non presentado Corresponde ao alumno/a, cando sólo participe

de actividades de avaliación que teñan unha ponderación inferior ó 20% sobre a cualificación final, con independencia da calificación alcanzada.

"A realización fraudulenta

das probas ou actividades de avaliación, como por exemplo plaxio, implicará directamente a cualificación

de suspenso '0' na materia na convocatoria correspondente, invalidando así

calquera cualificación obtida nas outras actividades de avaliación da convocatoria?

Fontes de información

Bibliografía básica	Unha das tarefas do alumno é a selección e análise de bibliografía, actuando o profesor como orientador. En todo caso, tralo traballo dos alumnos as referencias comúns serán facilitadas nas sesións maxistras. A bibliografía específica dependerá dos estudos e empresas caso nas que traballen os estudantes.
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías